


LETRAS GA LE GAS



17 de maio, dedicado
a Florencio Delgado
Gurriarán

#LetrasGalegas2022

 XUNTA
DE GALICIA

 Xacobeo 21-22

Festexemos a cultura
que nos une.



**FLORENCIO
DELGADO
GURRIARÁN**

LETRAS GALEGAS 2022

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN	5
PROXECTOS EXPOSITIVOS.....	7
1. FLORENCIO DELGADO GURRIARÁN. BEBEDEIRA DE ENSOÑOS	7
2. COMPROMISO NA DISTANCIA	7
3. CONCURSO-EXPOSICIÓN LETRAS GALEGAS 2022.....	7
4. MOSTRAS BIBLIOGRÁFICAS NA REDE DE BIBLIOTECAS PÚBLICAS	8
INICIATIVAS DE PARTICIPACIÓN SOCIAL	10
1. VIII CARREIRA CAMIÑO DAS LETRAS	10
2. LINGUA DE NAMORAR 2022	10
3. TRAS OS VIEIROS DE FLORENCIO	11
4. CAMPAÑA O TREN QUE ME LEVA. RENFE VIAXEIROS COAS LETRAS GALEGAS 2022	12
5. NOITES DE CÓRGOMO.....	12
6. AGASALLOS DE GADISA COAS LETRAS GALEGAS 2022	13
7. AGASALLOS E DIFUSIÓN DE VEGALSA-EROSKI COAS LETRAS GALEGAS 2022.....	13
8. CAMPAÑA COOPERATIVAS LÁCTEAS UNIDAS	13
9. FLORENCIO DELGADO GURRIARÁN: RELECTURAS.....	13
10. X CELEBRACIÓN DA AUGA, A ÁRBORE E A POESÍA DA FUNDACIÓN INSUA DOS POETAS.....	14
11. RECURSOS AUDIOVISUAIS DA DEPUTACIÓN DE OURENSE.....	14
PUBLICACIÓNS	15
1. CADERNOS RAMÓN PIÑEIRO XLV. ESTUDOS ARREDOR DE FLORENCIO DELGADO GURRIARÁN	15
2. EDICIÓN DO CONSELLO DA CULTURA GALEGA DA OBRA CACIONEIRO DA LOITA GALEGA	15
3. EDITORIAL GALAXIA	15
4. EDITORIAL XERAIS	17
5. BOLANDA EDICIÓNS.....	19
6. EDITORIAL IR INDO	19
7. 47.ª EDICIÓN DA REVISTA RAIGAME.....	19

PROGRAMACIÓN NO ÁMBITO EDUCATIVO20

1. RUTAS EDUCATIVAS DA COMARCA DE VALDEORRAS.....	20
2. FEIRA DA PRIMAVERA	20
3. IV CONCURSO DE PODCASTS RADIO NA BIBLIO.....	20
4. CAIXA DE CORREO PARA AS ACHEGAS DOS CENTROS EDUCATIVOS.....	21
5. IV CERTAME DE PODCASTS EN GALEGO XOSÉ MOSQUERA PÉREZ	22
6. ACTIVIDADES DOS EQUIPOS DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA (EDLG)	22
7. VIII SEMANA ESCOLAR DAS LETRAS GALEGAS	25

PROGRAMACIÓN ACADÉMICA26

1. SESIÓN PLENARIA DA REAL ACADEMIA GALEGA	26
3. CONGRESO DO CONSELLO DA CULTURA GALEGA, LEGADOS DENDE A DISLOCACIÓN: INTERVENCIÓNS NO PRESENTE E IMAXINACIÓN DO FUTURO NOS EXILIOS DA GUERRA CIVIL	26
2. SIMPOSIO FLORENCIO DELGADO GURRIARÁN	26
4. VIII EDICIÓN DA XORNADA DO DÍA DAS LETRAS GALEGAS. FLORENCIO DELGADO GURRIARÁN.....	27
5. PUBLICACIÓNS DA REAL ACADEMIA GALEGA	27
6. ACADEMIA.GAL	28
6. SECCIÓN WEB DO CONSELLO DA CULTURA GALEGA SOBRE AS LETRAS GALEGAS 2022.....	29

PROGRAMACIÓN DA CORPORACIÓN DA RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA.....30

PROGRAMACIÓN DOS CENTROS DA XUNTA DE GALICIA 32

MÚSICA.....34

1. CONCERTO DAS LETRAS GALEGAS	34
2. 40.ª EDICIÓN DO FESTILETRAS	34
3. CONCERTO MÚSICA TRADICIONAL	34
4. ESPECTÁCULO MUSICAL COMO MONTAR A TÚA BANDA DE VERÁN	35
5. ROMARÍA ETNOGRÁFICA RAIGAME	35

PROGRAMACIÓN EXTERIOR36

1. AS LETRAS GALEGAS NO MUNDO.....	36
2. FESTIVAL KEROUAC.....	38
3. FLORENCIO DELGADO GURRIARÁN E A GALICIA DE ALÉN MAR.....	38
4. PROGRAMACIÓN NOS CENTROS DE REFERENCIA DA COLECTIVIDADE GALEGA NO EXTERIOR.....	39

INTRODUCCIÓN

O **17 de maio** é a festa da lingua galega, unha celebración **institucionalizada en 1963 pola Real Academia Galega (RAG)** para honrar un autor ou autora polo seu labor de defensa e promoción do idioma e cultura de noso. Unha efeméride que foi acadando nos últimos anos grande amplitude, proxección e participación cidadá, ata converterse nunha das citas máis importantes do calendario cultural galego, con importante atención e implicación desde os diferentes ámbitos sociais (administracións, institucións, entidades, empresas...).



Para 2022, a RAG, na súa sesión plenaria celebrada o 2 de xullo de 2021, tomou o acordo de lle render tributo e **de lle dedicar o Día das Letras Galegas 2022 a Florencio Delgado Gurriarán** (Vilamartín de Valdeorras, 1903 - Fair Oaks, Estados Unidos, 1987), **escritor, editor literario e activista político e cultural do exilio galego en México**. Alí fundou a revista *Vieiros*, con Luís Soto e Carlos Velo, a Fundación do Padroado da Cultura Galega, a Irmandade Galeguista e o Ateneo de Galicia. A súa obra está recollida nos libros *Bebedeira* (1934), *Galicia infinda* (1963), *Cantarenas. Poemas (1934-1980)* (1981) e *O soño do guieiro* (1985). Encargouse da selección e tradución de poemas franceses incluídos en *Poesía inglesa e francesa vertida ao galego* (1949) e da tradución de *Cemiterio mariño* de Paul Valéry.

FLORENCIO DELGADO GURRIARÁN

Utilizou, en escritos de prensa ou revistas, varios pseudónimos: Korgomófilo, Nadel, Porto do Río, Xan do Sil, Sil e R. Miño.


A Xunta de Galicia, a través das consellerías de Cultura, Educación e Universidade e de Política Social, e da Secretaría Xeral da Emigración, e en colaboración coa Real Academia Galega (RAG), co Consello da Cultura Galega (CCG); coa Corporación Radio e Televisión de Galicia (CRTVG); coa comarca de Valdeorras; coa Deputación de Ourense; coas editoriais Xerais, Bolanda, Ir Indo, Galaxia e coas empresas Renfe Viajeros, Gadisa, Vegalsa-Eroski, Cooperativas Lácteas Unidas (CLUN) e Xurdir S.L., entre outras, impulsa unha programación institucional conxunta para renderlle tributo, dar a coñecer e poñer en valor a vida, a figura e a obra de Florencio Delgado por todo o territorio de Galicia e no exterior, co obxectivo de facer **partícipe da celebración das Letras Galegas a toda a cidadanía galega.**


A Xunta de Galicia, como vén sendo habitual, celebrará un **acto institucional conmemorativo das Letras Galegas 2022** o propio **17 de maio**; nesta ocasión, na **localidade do Barco de Valdeorras**, para renderlle tributo a Florencio Delgado Gurriarán e festexar o día da nosa lingua.

PROXECTOS EXPOSITIVOS

1. FLORENCIO DELGADO GURRIARÁN. BEBEDEIRA DE ENSOÑOS

A **exposición** comisariada por Ricardo Gurriarán, de carácter informativo e didáctico, divídese en **dúas partes**: por un lado, **14 paneis explicativos que percorren a vida e a obra** do homenaxeado e, por outro, unha **selección de obxectos persoais do autor**, cedidos pola familia para esta exposición, expostos en 4 mesas-vitrina.

 Data de inauguración: **abril de 2022**

 Lugar: **O Barco de Valdeorras, Ourense e Santiago de Compostela**

2. COMPROMISO NA DISTANCIA

Exposición promovida pola Xunta de Galicia, que percorrerá diversas localidades galegas, con itinerancias en concellos da Rede de dinamización lingüística da Xunta e en bibliotecas da Rede de bibliotecas públicas de Galicia, para difundir a figura, a vida, a obra e o contexto histórico que lle tocou vivir a Florencio Delgado Gurriarán.

 Datas: **de maio a decembro de 2022**

 Lugares: **Vilamartín de Valdeorras, O Barco de Valdeorras, Vigo, Celanova (Casa dos Poetas), Chantada, Santiago de Compostela, Ourense, Lugo, Pontevedra e A Coruña**

3. CONCURSO-EXPOSICIÓN LETRAS GALEGAS 2022

A Secretaría Xeral de Política Lingüística convoca cada ano un concurso dirixido aos centros de ensino público non universitario que desexen elaborar unha exposición sobre a obra, época e lingua do autor homenaxeado o 17 de maio, así como sobre a situación sociolingüística da etapa histórica en que viviu. As mostras gañadoras, que este 2022 deben centrarse en Florencio Delgado Gurriarán, poderán descargarse de balde desde o Portal da Lingua Galega.

FLORENCIO DELGADO GURRIARÁN

O centro premiado na categoría A, de infantil e primaria, foi o CEIP Plurilingüe Virxe do Camiño de Rubiá, Ourense.

4. MOSTRAS BIBLIOGRÁFICAS NA REDE DE BIBLIOTECAS PÚBLICAS

VIDA E OBRA DUN POETA: FLORENCIO DELGADO GURRIARÁN

A Biblioteca Pública da Coruña Miguel González Garcés lembrará a figura do homenaxeado cunha mostra e unha guía bibliográfica da súa obra, coa finalidade de achegar ás persoas usuarias da biblioteca á figura de Florencio Delgado.

 Datas: **do 2 ao 31 de maio de 2022**

 Lugar: **Biblioteca Pública da Coruña Miguel González Garcés**

LETRAS GALEGAS 2022. FLORENCIO DELGADO GURRIARÁN

A Biblioteca Pública de Santiago Ánxel Casal organizará unha mostra bibliográfica infantil que reúne libros sobre a celebración do Día das Letras Galegas e os autores e autoras aos que se homenaxeou ao longo da historia deste día.

 Datas: **do 2 ao 31 de maio de 2022**

 Lugar: **Biblioteca Pública de Santiago Ánxel Casal**

FLORENCIO DELGADO GURRIARÁN: QUE CANTE O MERLO!

A Biblioteca Pública de Vigo Juan Compañel acollerá unha mostra bibliográfica infantil que reúne paneis informativos sobre o homenaxeado e unha selección da obra de Florencio Delgado Gurriarán.

 Datas: **do 2 ao 31 de maio de 2022**

 Lugar: **Biblioteca Pública de Vigo Juan Compañel**

CULTURA TRANSOCEÁNICA: VIDA E OBRA DE FLORENCIO DELGADO GURRIARÁN

A Biblioteca Pública de Vigo Juan Compañel realizará unha mostra bibliográfica para salientar non só a súa faceta de escritor e articulista, senón tamén o seu inxente labor cultural en que conecta o exilio de América Latina con Galicia.

 Datas: **do 2 ao 31 de maio de 2022**

 Lugar: **Biblioteca Pública de Vigo Juan Compañel**

FLORENCIO DELGADO GURRIARÁN: ACTIVISMO CULTURAL DENDE O EXILIO

A Biblioteca Pública de Pontevedra Antonio Odriozola organizará unha mostra bibliográfica sobre a vida e obra do poeta valdeorrés para resaltar o seu labor en prol da cultura galega desde o exilio mexicano.

 Datas: **do 13 ao 30 de maio de 2022**

 Lugar: **Biblioteca Pública de Pontevedra Antonio Odriozola**

FLORENCIO DELGADO GURRIARÁN NA BIBLIOTECA DE GALICIA

A Biblioteca de Galicia preparará unha mostra bibliográfica para homenaxear a figura á que se lle dedica o Día das Letras Galegas, con recursos procedentes das coleccións propias.

 Datas: **de maio a setembro de 2022**

 Lugar: **Biblioteca de Galicia**

INICIATIVAS DE PARTICIPACIÓN SOCIAL

1. VIII CARREIRA CAMIÑO DAS LETRAS

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade colabora coa empresa Xurdir nesta iniciativa que vencella a **celebración das letras galegas co Camiño de Santiago e co deporte**. Faino por medio da xa consolidada carreira popular que o 17 de maio **percorre o treito** do Camiño de Santiago **que une o Pico Sacro coa Cidade da Cultura de Galicia**, onde haberá tamén probas específicas para a rapazada a partir de 4 anos e un percorrido de 5 quilómetros para os adultos que desexen optar por esta modalidade.

Ao remate das probas, as persoas participantes recibirán un libro e un diploma.



2. LINGUA DE NAMORAR 2022

Concurso en liña de mensaxes de amor en galego convocado pola Consellería de Política Social e a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, respectivamente.

O certame está **dirixido á mocidade con idades comprendidas entre os 14 e os 35 anos**, con tres categorías: categoría A (de 14 a 35 anos), categoría B (de 20 a 35 anos), categoría C (de 14 a 35 anos, exclusiva para Instagram).

Os seus obxectivos son dinamizar o uso da lingua galega entre a mocidade nas relacións interpersoais e nas novas tecnoloxías, principalmente en Internet e na mensaxería instantánea, e mais incrementar a percepción do galego como unha lingua que é útil para os momentos de lecer e de diversión.

Establécense tres premios por cada unha das categorías de idade.

Os nomes das persoas gañadoras e finalistas nas tres categorías publicaranse o 12 de abril tanto na páxina do concurso (xuventude.xunta.es/linguadenamorar) coma nos perfís de Instagram [@xuventudegalicia](#) e [@linguagalega](#)

 Datas: **do 15 de febreiro ao 8 de abril de 2022**



 Información: <https://xuventude.xunta.es/linguadenamorar> e Instagram de [@xuventudegalicia](#)

3. TRAS OS VIEIROS DE FLORENCIO

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade presenta un **espectáculo de teatro de obxectos da compañía Fantoques Baj** que mostra a traxectoria, a obra e mais a poética de Florencio Delgado Gurriarán. Parte dun documento excepcional sobre a vida de Florencio D. Gurriarán, que é a longa entrevista que lle concede a Dolores Pla en agosto de 1979 na súa casa de Guadalajara (México) para o Arquivo da Palabra. Os textos desta entrevista mestúranse cos poemas do autor que xiran arredor de tres eixes: poesía galeguista, poesía festiva e paisaxística e poesía intimista.

Neste espectáculo ten moita importancia a banda sonora, creada a partir de temas tradicionais gravados polo guitarrista Antonio Bravo.

Tras os vieiros de Florencio estará en localidades da Rede de dinamización lingüística.

  Lugares e datas:

- » Concello de **Vilalba** (Auditorio municipal): **17 de abril** de 2022
- » Concello de **Sanxenxo** (Auditorio Emilia Pardo Bazán): **23 de abril** de 2022
- » Concello de **Lalín** (Salón Teatro): **6 de maio** de 2022
- » Mancomunidade de Municipios da **Comarca de Ordes**: **7 de maio** de 2022
- » Concello do **Carballiño** (Auditorio Manuel María): **8 de maio** de 2022
- » Concello de **Xinzo de Limia** (Casa da Cultura): **14 de maio** de 2022

- » Concello de **Burela** (Casa da Cultura): **15 de maio** de 2022
- » Concello da **Estrada** (Teatro Principal): **16 de maio** de 2022
- » Concello do **Barco de Valdeorras** (Teatro Lauro Olmo): **17 de maio** de 2022

4. CAMPAÑA O TREN QUE ME LEVA. RENFE VIAXEIROS COAS LETRAS GALEGAS 2022

Por sexto ano e ao longo do mes de maio, 11 trens de alta velocidade dos corredores A Coruña-Vigo e A Coruña-Ourense levarán nos repousacabezas a imaxe institucional do Día das Letras Galegas 2022 e nas estacións de tren das cidades da Comunidade Autónoma de Galicia expoñeranse os carteis gañadores do concurso-exposición das Letras Galegas organizado pola Secretaría Xeral de Política Lingüística. Estes carteis tamén se poderán ver, en tamaño reducido, no interior dalgúns vagóns.

A presentación da iniciativa realizarase nunha estación galega e incluírá a distribución de exemplares de obras literarias en galego entre os pasaxeiros e pasaxeiras.

A Xunta de Galicia, Renfe Viajeros e ADIF poñen en marcha esta campaña que busca incrementar a visibilidade da celebración das Letras Galegas e do autor homenaxeado.

5. NOITES DE CÓRGOMO

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade en colaboración co concello de Vilamartín de Valdeorras vai desenvolver un proxecto cultural, iniciado pola Asociación de Veciños de Córghomo a comezos do ano 2000 co que se realizaban xornadas teatrais.

Coordina: Débora Álvarez Moldes

 Datas: **xullo e agosto de 2022**

 Lugar: **Córghomo**



6. AGASALLOS DE GADISA COAS LETRAS GALEGAS 2022

Na véspera do Día das Letras Galegas, o 16 de maio, os **supermercados Gadis de Galicia agasallarán a súa clientela**, por calquera compra, cunha tiraxe de **marcapáxinas e bolsas de papel** conmemorativas do 17 de maio, para sumarse á celebración das Letras Galegas e apoiar o labor editorial. Ademais, desenvolveran a iniciativa **Street Marketing**, que consiste en mostrar frases célebres da literatura galega en localizacións de diferentes concellos entre abril e maio e **accións con centros educativos** a partir de setembro.

7. AGASALLOS E DIFUSIÓN DE VEGALSA-EROSKI COAS LETRAS GALEGAS 2022

A cadea galega de distribución alimentaria **Vegalsa-Eroski** e a Secretaría Xeral de Política Lingüística desenvolven un ano máis a campaña **Letras Galegas Vegalsa-Eroski** para promover a celebración do 17 de maio nos seus establecementos comerciais a través de **carteis e bolsas da compra** conmemorativas para homenaxear a Florencio Delgado Gurriarán.

8. CAMPAÑA COOPERATIVAS LÁCTEAS UNIDAS

A **Secretaría Xeral de Política Lingüística e Cooperativas Lácteas Unidas (CLUN)** volven colaborar para festexar o 17 de maio co **Certame de Relatos Breves Feiraco Letras Galegas**, que chega neste 2022 á súa 11.ª edición, e co **Certame de Artes Plásticas Feiraco** para a cativada, que este ano celebra a súa 3.ª edición, ademais de cunha promoción en liña destinada a impulsar a lectura con agasallos para o público consumidor que se desenvolverá entre os meses de abril e maio.


9. FLORENCIO DELGADO GURRIARÁN: RELECTURAS

A Cidade da Cultura de Galicia súmase como cada 17 de maio á celebración das Letras Galegas, este ano dedicadas a Florencio Delgado Gurriarán, figura que tamén ten a súa homenaxe e festexo neste gran día no Gaiás para pór en valor a

actividade como poeta, a través dunha **lectura participativa dunha escolma de textos da figura homenaxeada**. A actividade será gravada e desenvolverase de xeito presencial e en liña.

 Datas: **7 de maio de 2022**

 Lugar: **Museo Centro Gaiás**

 Data emisión nas redes sociais: **17 de maio de 2022**

10. X CELEBRACIÓN DA AUGA, A ÁRBORE E A POESÍA DA FUNDACIÓN INSUA DOS POETAS

A Fundación Insua dos Poetas, en colaboración coa Consellería de Cultura, Educación e Universidade, coa Deputación de Ourense e co Concello do Carballiño, organizou a **X Celebración da Auga, a Árbore e a Poesía**, na que tivo un especial protagonismo Florencio Delgado Gurriarán.

 Datas: **21 de marzo de 2022**

 Lugar: **O Carballiño. Esqueva, Madarnás**


11. RECURSOS AUDIOVISUAIS DA DEPUTACIÓN DE OURENSE

A Deputación de Ourense vai realizar unha longametraxe e un documental sobre o protagonista das Letras Galegas 2022. O documental co título *Florencio na Terra*, de D. Docampo, está coordinado por Aser Álvarez, de Arraianos Producións, e será difundido no propio Día das Letras Galegas.

PUBLICACIÓNS

1. CADERNOS RAMÓN PIÑEIRO XLV. ESTUDOS ARREDOR DE FLORENCIO DELGADO GURRIARÁN

O XLV volume desta publicación recolle unha **vintena de artigos centrados en diferentes aspectos da vida e obra do autor** homenaxeado no Día das Letras Galegas de 2022. A súa poesía, os traballos de tradución, as vicisitudes do exilio ou o epistolario con varios compañeiros galeguistas son algúns dos asuntos tratados neste volume.

 Data prevista de presentación: **abril/maio de 2022**

2. EDICIÓN DO CONSELLO DA CULTURA GALEGA DA OBRA *CANCIONEIRO DA LOITA GALEGA*

O Consello da Cultura Galega edita a obra ***Cancioneiro da loita galega***, cun **estudo introdutorio de Xesús Alonso Montero e notas de Ricardo Gurriarán**. Inclúe o facsímile da publicación e documentación sobre o proceso de edición do libro editado en México polo Partido Galeguista en 1943.

3. EDITORIAL GALAXIA

A Editorial Galaxia publica dúas antoloxías de Florencio Delgado Gurriarán:

Florencio Delgado Gurriarán. Poeta na terra, na guerra e no exilio. Antoloxía poética, da man de Xesús Alonso Montero.

Neste traballo, Xesús Alonso Montero achéganos á súa nobre obra literaria e á súa biografía na terra, na guerra e no exilio, moi condicionada por acontecementos adversos, onde, nese longo período, o poeta mantivo sempre ergueita a súa dignidade e o seu compromiso cos ideais que abrazara de mozo. Coa súa poética cantou a paisaxe e os froitos báquicos de Valdeorras e, desde a súa preocupación polo idioma, tamén se debrozou sobre el para compoñer unha

FLORENCIO DELGADO GURRIARÁN

serie de sentidos poemas sociolingüísticos, insólitos no seu tempo, á vez que cultivou a sátira e os poemas elexíacos. Unha vez máis, vida e literatura van da man.



Antoloxía poética

En edición de Débora Álvarez Moldes e Margarida Pizcueta Barreiro, pon o ramo final á publicación editorial da Editorial Galaxia, arredor do homenaxeado no Día das Letras Galegas.

Este libro xorde pola necesidade de difundir un feixe de poemas, quizais os menos coñecidos, e non por iso menos importantes, do poeta de Córghomo. Pretende ofrecer unha mostra do máis significativo da súa obra, ordenada cronoloxicamente a partir dos seus libros e dalgunhas composicións dispersas, desde os cánticos iniciais do seu universo valdeorrés ata a poesía comprometida, satírica e de loita, fiel co seu pensar, que realizou desde o exilio.

Esta escolma está dirixida a quen se confese curioso da obra de Delgado Gurriarán, poeta de Valdeorras, e percorre temáticas e correntes polas que transitou, coa pretensión de que sexa útil para o coñecemento do autor.

Outras publicacións

» **Bebedeira**

<https://editorialgalaxia.gal/produto/bebedeira/>

» **O soño do guieiro**

<https://editorialgalaxia.gal/produto/o-sono-gueiro/>

» **Galicia infinda**

<https://editorialgalaxia.gal/produto/galicia-infinda/>

» **Vida e obra dun poeta valdeorrés, republicano e galeguista**, de Ricardo Gurriarán

<https://editorialgalaxia.gal/produto/florencio-delgado-gurriaran-vida-e-obra-dun-poeta-valdeorres-republicano-e-galeguista/>

» **Florencio Manuel Delgado Gurriarán. Un legado infindo**, de Lucía Gómez Álvarez

<https://editorialgalaxia.gal/produto/florencio-manuel-delgado-gurriaran-un-legado-infindo/>

4. EDITORIAL XERAIS

A Editorial Xerais conta coas seguintes publicacións:

Florencio Delgado Gurriarán. Vida e obra dun poeta no exilio mexicano, de Miro Villar

Un **libro divulgativo** sobre a vida e a obra de Florencio Delgado Gurriarán, o autor das Letras Galegas 2022. Unha traxectoria marcada polo compromiso antifranquista e republicano. Unha biografía ao servizo do galeguismo desde o exilio mexicano.

FLORENCIO DELGADO GURRIARÁN



Florencio Delgado Gurriarán. Polos vieiros da saudade, de Héctor Cajaraville

18

O homenaxeado segue a ser o autor máis representativo da súa Valdeorras natal. Pero foi tamén articulista, crítico literario, coordinador editorial, lexicógrafo, tradutor, corrector... E, como moitos outros intelectuais galeguistas, tras o golpe de estado de 1936 tivo que tomar o camiño do exilio. No seu caso, o lugar escollido foi México, onde levou a cabo un intenso labor cultural. Algúns dos proxectos que encabezou tomaron forma de publicación periódica, como as revistas *Saudade e Vieiros*. Nunha época en que a cultura galega se desenvolveu con máis vigor fóra ca dentro das súas fronteiras naturais, persoeiros como Delgado Gurriarán desempeñaron un papel fundamental para a súa supervivencia.

Obra poética de Florencio Delgado Gurriarán, edición de Xosé Ramón Pena

Esta rigorosa edición da *Obra poética*, que recompila toda a produción lírica coñecida do autor valdeorrés, estivo ao coidado do profesor e crítico Xosé Ramón Pena, que leva a termo unha ampla e minuciosa análise da obra de Delgado Gurriarán, así como da fixación dos textos.

5. BOLANDA EDICIÓNS

Os Bolechas tamén se suman á celebración das Letras Galegas, da man da Secretaría Xeral de Política Lingüística e a través da colección *As miñas primeiras Letras Galegas*, que ofrece a entrega dedicada a Florencio Delgado Gurriarán para achegarlles aos nenos e nenas a figura do autor dun xeito divertido e didáctico, ilustrada por José Carreiro Monteiro.

6. EDITORIAL IR INDO

A Editorial Ir Indo dispón das seguintes publicacións:

Florencio Delgado Gurriarán: nosa Galicia e mais que, de Tanis Pérez e Xosé Ramón Campos

Trata sobre a figura de Florencio Delgado Gurriarán e representa os milleiros de galegos e galegas que tiveron que exiliarse a causa dos seus ideais. Como distinguido representante das letras galegas no exilio mexicano, Florencio levou a cabo un inxente labor a prol da lingua e a cultura galegas.

As letras de Florencio. Guía de traballo, de Débora Álvarez Moldes

Unha guía de traballo sobre as letras de Florencio Delgado Gurriarán.

7. 47.^a EDICIÓN DA REVISTA RAIGAME

A Deputación de Ourense publica a *revista Raigame*, publicación monográfica que sae anualmente. O campo temático que abrangue é moi amplo (arquitectura popular, literatura, investigación etnográfica, música, pintura, escultura etc.) e pretende dar a coñecer todos aqueles traballos que afondan no coñecemento da cultura popular galega.

PROGRAMACIÓN NO ÁMBITO EDUCATIVO

1. RUTAS EDUCATIVAS DA COMARCA DE VALDEORRAS

En colaboración cos concellos de Valdeorras, vanse desenvolver rutas coa comunidade educativa da comarca para dar a coñecer os puntos de interese artístico, histórico, natural, social e cultural.

Coordina: Débora Álvarez Moldes.

 Datas: **maio de 2022**


 Lugar: **Comarca de Valdeorras**

2. FEIRA DA PRIMAVERA

Xornada formativa e lúdica organizada pola Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, coa colaboración de institutos de ensino secundario locais.

Inclúe actividades formativas (obradoiros en colaboración co profesorado do instituto) e actividades lúdicas abertas a toda a mocidade, nas que de xeito transversal se tocará a conmemoración das Letras Galegas.

 Datas: **do 1 de abril ao 6 de maio de 2022**

 Lugar: **12 Espazos Xove** dependentes da Consellería de Política Social


3. IV CONCURSO DE PODCASTS RADIO NA BIBLIO

Desde a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, véñse convocando un **concurso de podcasts en colaboración coa CRTVG**, a través da dirección da Radio Galega (no contexto do Plan Lía de Bibliotecas Escolares) e vinculada á celebración do Día das Letras Galegas.

Deste xeito e co gallo da dedicación do Día das Letras Galegas de 2022 ao poeta, articulista, tradutor, editor, activista cultural e político no exilio Florencio Delgado Gurriarán, acordouse realizar a convocatoria dun concurso de podcasts radiofónicos, destinado aos centros públicos integrados no programa Radio na Biblio, con extensión a outros centros de titularidade da consellería que traballan xa coa radio como ferramenta pedagóxica. O obxectivo é estimular a valoración da lingua materna, reforzar a lectura de poesía galega ou o achegamento ao mundo da edición e da tradución, e salientar a importancia da cultura galega na diáspora da que foi protagonista, entre outros, o autor homenaxeado.

Establécense catro modalidades, segundo o nivel do ensino, e seleccionaranse dous podcasts por modalidade: a) Alumnado de infantil e 1.º/2.º de primaria, b) Alumnado de 3.º a 6.º de primaria, c) Alumnado de secundaria e d) Alumnado de bacharelato, ensinanza de persoas adultas ou ciclos formativos.

Todos estes traballos teñen que realizarse co apoio e coa colaboración da biblioteca escolar e contando cos seus recursos e posibilidades.

 Prazo de presentación de solicitudes ao IV Concurso: **ata o 29 de abril de 2022.**

 Máis información: <https://www.edu.xunta.gal/portal/node/36399>

4. CAIXA DE CORREO PARA AS ACHEGAS DOS CENTROS EDUCATIVOS

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade ofrece unha caixa de correo para as achegas dos centros educativos que queiran enviar as diferentes actividades que desenvolven ao redor desta data e dáse difusión destas a través do blog: <https://www.edu.xunta.gal/biblioteca/blog/>.

5. IV CERTAME DE PODCASTS EN GALEGO XOSÉ MOSQUERA PÉREZ

IV Certame de Podcasts en Galego Xosé Mosquera Pérez, o Vello dos Contos, organizado polo IES Plurilingüe Rosalía de Castro de Santiago de Compostela, Arraianos Producións e o colectivo Ponte nas Ondas, coa colaboración da Secretaría Xeral de Política Lingüística e doutras entidades como o Museo do Pobo Galego, a Fundación Rosalía de Castro, Oral de Galicia, a EASD Mestre Mateo, a Radio Galega, a Real Academia Galega e o Parlamento de Galicia.

Dirixido ao alumnado de 10 a 18 anos.

Complementase cunha exposición itinerante sobre Xosé Mosquera e unha serie de obradoiros de podcast.

6. ACTIVIDADES DOS EQUIPOS DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA (EDLG)

Os **EDLG dos centros educativos galegos** elaboran recursos e organizan actividades variadas para dar a coñecer o autor homenaxeado no Día das Letras Galegas, a súa obra e o seu compromiso coa lingua. **Calendarios, marcapáxinas, crebacabezas, presentacións, xincanas, exposicións, festivais, biografías para alumnado NEAE, brincaletras, pasapalabras, vídeos, podcasts, telexornais, cancións, videopoemas, obras de teatro ou certames** son algunhas das propostas que se van desenvolver en colexios e institutos de toda Galicia.

O máis significativo do labor dos equipos arredor de Florencio Delgado publicárase no Portal da Lingua Galega (<http://www.lingua.gal/dia-letras-galegas>) para ser utilizado ou servir de referente a outros centros.

 **Datas de realización: de xaneiro a decembro de 2022**

Destacan as iniciativas dos centros seguintes:

CEIP Plurilingüe O Mosteirón de Sada

Profesorado especialista en audición e linguaxe difundirá no blog Anxopictogramas recursos en pictogramas destinados a alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e trastornos de linguaxe (biografía, poemas, contos,...).

IES San Clemente de Santiago de Compostela

Concurso europeo de marcapáxinas dedicado ao escritor homenaxeado o Día das Letras Galegas. Divúlgase en distintos países de Europa a través do programa e-Twinning e poden participar todos os centros integrados nesta plataforma.

Seminario Galán

Materiais didácticos e lúdicos sobre Florencio Delgado adaptados a todos os niveis educativos de educación infantil e primaria (unidades didácticas, biografía, lecturas, exercicios, pasatempos, carteis, marcapáxinas, ilustracións, fotografías, xogos interactivos, actividades para alumnado con NEAE etc.).

CPI Dos Dices de Rois

Telexornal Letras Galegas, programa de televisión realizado por alumnado de secundaria dedicado a Florencio Delgado Gurriarán. Inclúe unha reportaxe sobre a vida e obra do autor e entrevistas a estudosos e estudosas que afondarán na súa figura e legado.

IES Plurilingüe Rosalía de Castro de Santiago de Compostela

Concurso de podcasts Xosé Mosquera Pérez, convocado polo IES Plurilingüe Rosalía de Castro de Santiago de Compostela e Arraianos Producións, coa colaboración da Secretaría Xeral de Política Lingüística e doutras entidades.

CPR Escravas da Coruña

Colección de podcasts de entrevistas sobre Florencio Delgado Gurriarán a persoas destacadas do panorama cultural galego e tamén doutros ámbitos. Incidirán en aspectos biográficos, literarios e no traballo en defensa da lingua do autor.

CPI Cruz de Sar de Bergondo / Blog Anxopictogramas

Profesorado especialista en audición e linguaxe difundirá no blog Anxopictogramas recursos en pictogramas destinados a alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e trastornos de linguaxe (biografía, poemas, contos...).

Escolas Católicas (Ferega)

Actividades dos centros de Escolas Católicas nas catro provincias; entre outras: Ruta das Letras Galegas, ofrenda floral no Panteón de Galegos Ilustres, manifesto e baile con música de Tanxugueiras na praza da Quintana, actuacións organizadas por Escolas Católicas nas que participarán os centros concertados integrados en Ferega.

Semana das Letras Galegas no Barco de Valdeorras

Actividades dos EDLG dos centros educativos do Barco de Valdeorras para dar a coñecer a figura de Florencio Delgado, a súa obra e o seu compromiso coa lingua galega entre estudantes de ensino non universitario. Inclúe un dobre concurso fotográfico (nos centros educativos e nas redes do Centro Comercial Aberto) a partir de poemas do autor, exposicións e xincana. Actividades:

- » **Concurso fotográfico virtual** nas redes do Centro Comercial Aberto e concurso fotográfico virtual paralelo en cada centro, con inspiración nos poemas de Florencio Delgado. Exposición nas redes sociais das imaxes gañadoras e nos establecementos do Centro Comercial Aberto.
- » **Exposición en lonas xigantes** no paseo do Malecón de termos do léxico de Valdeorras e doutros presentes nos poemas de Florencio.
- » **Xincana literaria** polos establecementos comerciais na procura do autor homenaxeado.

Videoclips do CEIP O Carballal de Marín

Videoclips sobre poemas musicados de Florencio Delgado realizados polo alumnado e o cordinador do EDLG do centro.

7. VIII SEMANA ESCOLAR DAS LETRAS GALEGAS

A VIII edición da **Semana Escolar das Letras Galegas**, organizada pola Deputación de Ourense en colaboración cos centros educativos de ensinanza secundaria, pretende achegar a figura do homenaxeado ao alumnado para abordar a traxectoria de Florencio Delgado Gurriarán.

 Datas: **semana do 17 de maio de 2022**

PROGRAMACIÓN ACADÉMICA

1. SESIÓN PLENARIA DA REAL ACADEMIA GALEGA

A **sesión plenaria extraordinaria e pública da RAG** desenvolverase en **Córgomo (Vilamartín de Valdeorras)** e contará coas intervencións de tres membros de número que pronunciarán unha breve alocución sobre a vida e a obra de Florencio Delgado Gurriarán.

 Data de celebración: **17 de maio de 2022**

2. SIMPOSIO FLORENCIO DELGADO GURRIARÁN

No mes de novembro terá lugar na sede da Real Academia Galega, co apoio da Xunta de Galicia, o **Simposio dedicado a Florencio Delgado Gurriarán** no que se afondará, a través das disertacións de diversos especialistas, na personalidade e na obra literaria do autor homenaxeado no Día das Letras Galegas de 2022.

 Data de celebración: **novembro de 2022**

3. CONGRESO DO CONSELLO DA CULTURA GALEGA, *LEGADOS DENDE A DISLOCACIÓN: INTERVENCIÓNS NO PRESENTE E IMAXINACIÓN DO FUTURO NOS EXILIOS DA GUERRA CIVIL*

O Consello da Cultura Galega organiza a xornada de análise sobre a importancia do exilio na creación de identidades, na que se estudarán o exilio republicano en México e a figura de Florencio Delgado Gurriarán.

 Datas: **16 e 17 de xuño de 2022**

 Lugar: **Illa de San Simón**

4. VIII EDICIÓN DA XORNADA DO DÍA DAS LETRAS GALEGAS. FLORENCIO DELGADO GURRIARÁN

A VIII edición da **Xornada Anual de Formación do Día das Letras Galegas**, organizada pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade, **en formato virtual**, para dotar o persoal docente de recursos para difundir entre a comunidade educativa a figura do autor homenaxeado no Día das Letras Galegas 2022.

Articularase en catro sesións en horario de tarde. A primeira hora de cada unha estará destinada a conferencias e relatorios de especialistas sobre a vida e obra do autor e a última, á presentación de experiencias e materiais dos EDLG dos centros educativos, entre elas a exposición e guía didáctica dos centros premiados no Concurso-Exposición das Letras Galegas 2022.

Destinatarios: **Profesorado de ensinanza non universitaria**

 Datas: **28 de abril e 4, 5 e 11 de maio de 2022**

 Inscrición: <https://www.edu.xunta.es/fprofe/>

5. PUBLICACIÓNS DA REAL ACADEMIA GALEGA

Discurso de Florencio Delgado Gurriarán. Correspondente da RAG

Título provisional do discurso redactado por Florencio Delgado Gurriarán para unha posible cerimonia de ingreso na RAG co gallo do seu nomeamento como académico correspondente.

 Data de publicación: **maio de 2022**

Galicia é a miña patria

Título provisional. Edición anotada por Ricardo Gurriarán da entrevista que a antropóloga Dolores Pla lle realizou a Florencio Delgado Gurriarán no ano 1979 en México.

 Data de publicación: **maio de 2022**

FLORENCIO DELGADO GURRIARÁN

Correspondencia de Florencio Delgado Gurriarán. Escolma

Título provisional. Edición de Ricardo Gurriarán.

 Data de publicación: **segundo semestre de 2022**

Boletín da Real Academia Galega

Volume dedicado na súa parte monográfica a Florencio Delgado Gurriarán, que **recollerá as alocucións académicas** do **17 de maio** e os **relatorios do simposio** que se celebrará no mes de novembro na súa honra.

 Data de publicación: **segundo semestre de 2022**

6. ACADEMIA.GAL

Desde o inicio de 2022 a Real Academia Galega ten activada na súa páxina web, academia.gal, a **sección das Letras Galegas 2022**, dende a que ofrece propostas e iniciativas diversas con Florencio Delgado Gurriarán como protagonista.

Biografía

A páxina web da RAG ten activado dende o inicio de 2022 un **espazo biográfico** dedicado a Florencio Delgado Gurriarán asinado por Ricardo Gurriarán Rodríguez.

 Datas: **xaneiro de 2022**

 <https://academia.gal/letras-galegas/2022/florencio-delgado-gurriaran/biografia>

Tribuna

Víctor F. Freixanes asina a **Tribuna Galicia infinda** dedicada a Florencio Delgado Gurriarán

 Datas: **xaneiro de 2022**

 <https://academia.gal/-/galicia-infinda>

Polos vieiros de Florencio

Serie de micropezas audiovisuais da que cada semana se emitirá un capítulo e que achegará o público a aspectos relacionados coa vida e coa obra de Florencio Delgado Gurriarán **a través do testemuño de diferentes persoas**.

 Datas: **febreiro de 2022**

 <https://academia.gal/letras-galegas/2022/florencio-delgado-gurriaran/videos>

Florencio Delgado Gurriarán. O soño da Galicia infinda.

Serie web documental de cinco capítulos que percorrerá a traxectoria vital e intelectual de Florencio Delgado Gurriarán

 Data de inicio: **abril de 2022**

Portal das Palabras

Portal das Palabras é unha iniciativa da RAG que pretende fornecer os centros de ensino de infantil e primaria de propostas didácticas arredor do Día das Letras Galegas. A edición dedicada a Florencio Delgado Gurriarán contará con textos de Leticia Costas, ilustracións de Blanca Millán e propostas interactivas. Incluirá ademais unha nova edición do concurso dirixido aos centros escolares de infantil e primaria.

 Data de inicio: **marzo de 2022**

 <http://academia.gal/primaveradasletras>

6. SECCIÓN WEB DO CONSELLO DA CULTURA GALEGA SOBRE AS LETRAS GALEGAS 2022

Sección especial na web do Consello da Cultura Galega que acubilla toda a información desenvolvida ou promovida polo CCG arredor da figura de Florencio Delgado Gurriarán. Inclúe información biográfica, audios, audiovisuais e outros materiais.

É de destacar a incorporación do audio da entrevista en RNE a Florencio Delgado, xa que é unha das poucas gravacións sonoras que conservan a súa voz.

PROGRAMACIÓN DA CORPORACIÓN DA RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA

A CRTVG desenvolverá en maio unha **cobertura global** sobre a figura e a obra de Florencio Delgado Gurriarán e ofrecerá contidos especiais en todas as canles, nos que hai que salientar a emisión na mañá do Día das Letras Galegas do pleno da Real Academia Galega desde Córghomo, en Vilamartín de Valdeorras (Ourense), na web da corporación e na Radio Galega.

Na Televisión de Galicia, o espazo informativo **cultural ZigZag** do 17 de maio será un Especial Letras que afondará na vida e obra de Florencio Delgado e que se emitirá pola primeira canle. O programa de reportaxes *Vivir aquí* prepara tamén o **especial «O galego está de moda»**, que se abordará esta festa das Letras Galegas atendendo á actualidade da nosa lingua e ao viva que está na sociedade, mesmo mais alá das nosas fronteiras.

Durante todo o mes emitiranse diariamente as **micropezas Polos vieiros de Florencio**, un contido cedido pola Real Academia Galega no que diferentes persoeiros da cultura reflexionan sobre a traxectoria vital e a obra de Florencio Delgado Gurriarán.

E o propio 17 de maio, no *prime time*, **TVG estreará Tanxuverbena**, unha verbena artellada arredor de Tanxugueiras, formación musical que puxo en valor e tamén de moda a lingua e a tradición galegas. Para isto, xúntanse no mesmo escenario dous fenómenos galegos do momento: no eido musical, Tanxugueiras, e no eido das redes sociais e da televisión, Esther Estévez, presentadora do espazo da CRTVG sobre a lingua *#Dígocho eu*.

O cine galego tamén estará presente na Televisión de Galicia nesta data. Estrearase a película *Ons*, o premiado filme de Alfonso Zarauza, e emitírase *Sempre Xonxa*, un título clásico do cine feito en Galicia que se ofrecerá remasterizado.

Na **Radio Galega**, o día 17 emitiranse un **Galicia por diante monográfico**, e un **Diario cultural tamén especial** que afondará na vida e obra de Florencio Delgado. Ademais, na semana das Letras Galegas a emisora pública contará con entrevistas en profundidade arredor da figura de Delgado Gurriarán con especialistas, editores e persoas que trataron o escritor, así como coa emisión de fragmentos de voz do autor, recuperados do **Arquivo Sonoro da RG**.

LETRAS GALEGAS 2022

No eido dixital, a web da CRTVG contará cunha páxina específica sobre o autor e darase difusión á webserie de catro capítulos encargada pola Real Academia da Lingua para a celebración das Letras Galegas 2022. E as **redes sociais** corporativas e dos distintos espazos difundirán todos os contidos que se programen na Radio Galega e na TVG, así como pezas de produción propia para achegar a figura e a obra do autor homenaxeado, de xeito ameno e sobre todo adaptado ás novas linguaxes da Rede.

PROGRAMACIÓN DOS CENTROS DA XUNTA DE GALICIA

A **Biblioteca de Galicia** organiza o **espectáculo *Polos vieiros de Florencio*** da compañía Fantoques Baj o 14 de maio, representación ao redor de Florencio Delgado Gurriarán.

A **Biblioteca Pública da Coruña Miguel González Garcés** acolle o **obradoiro** de ilustración ***Versos, cores e colaxes*** impartido por María Lires, o **20 de maio**, que achega a figura do homenaxeado na súa faceta como poeta. A través da lectura e a introspección dos seus versos darase forma á ilustración a través do xogo, as emocións, a cor e a técnica colaxe. Tamén haberá a **actividade da narración oral *Florencio nas ondas***, desenvolta por Raquel Queizás, o **21 de maio**, que consiste na recreación dun antigo programa de radio.

A **Biblioteca Pública de Lugo** organiza o **espectáculo** de versos e crónicas ***Vendimando versos. Unha viaxe de Valdeorras a México*** de Soledad Felloza, o **20 de maio**, ao redor da obra de Florencio Delgado Gurriarán. Unha historia de amor pola terra, a lingua e os costumes e tradicións da súa xente.

A **Biblioteca Pública de Ourense Nós** programa o **obradoiro** de ilustración ***Versos, cores e colaxes*** impartido por María Lires, o **16 de maio**, que achega a figura do homenaxeado na súa faceta como poeta. A través da lectura e a introspección dos seus versos darase forma á ilustración a través do xogo, as emocións, a cor e a técnica do colaxe. Tamén haberá a **charla-conferencia** cos **autores** do libro ***Florencio Delgado Gurriarán: nosa Galicia é máis que toda a Terra*** da editorial Ir Indo, o **18 de maio**, para achegar a vida e obra do homenaxeado.

A **Biblioteca Pública de Pontevedra Antonio Odriozola** prepara o espectáculo de narración oral ***Florencio nas ondas: unha homenaxe á vida e á obra de Florencio Delgado Gurriarán***, dirixido por Raquel Queizás, o **13 de maio**, que consiste na recreación dun antigo programa de radio, e o **contacontos e obradoiro de debuxo *De Valdeorras a México: unha homenaxe a Florencio Delgado Gurriarán*** coa colaboración de Polo Correo do Vento, o **20 de maio**, no que se abordará a vida e obra do homenaxeado.

A **Biblioteca Pública de Santiago Ánxel Casal** programa diversas actividades para homenaxear a figura das Letras Galegas 2022. Os contacontos *O Garoto de Ipanema* a cargo de Caxoto, o **14 de maio** e *Homenaxe a Florencio Delgado Gurriarán e á poesía galega* a cargo de Servando Barreiro, o **21 de maio**. Tamén haberá un **obradoiro de creación de personaxes** a cargo de Javier Peña, os sábados **14, 21 e 28 de maio** e o **4 de xuño**.

A **Biblioteca Pública de Vigo Juan Compañel** organiza a **actividade de narración oral *Florencio nas ondas***, desenvolta por Raquel Queizás, o **14 de maio**, que consiste na recreación dun antigo programa de radio; dúas sesións do **contacontos *O Papaventos vermello***, impartido por Ramiro Neira, o **19 de maio**; a **actividade de narración oral *ŌKAMI e os seres fantásticos***, desenvolvido por Juste Kamishibai, o **21 de maio**, e a **entrega de premios** do **Concurso de Banda Deseñada BD VIGO**, o 21 de maio.

O **Museo do Castro de Viladonga** organiza para o propio Día das Letras Galegas unha **lectura dramatizada** a cargo da xornalista chairega Tania Rodríguez Lombao.

MÚSICA

1. CONCERTO DAS LETRAS GALEGAS

Concerto do grupo Zoar organizado polo Consello da Cultura Galega, que interpretará diferentes composicións de músicos galegos exiliados, xunto coa estrea da obra *Díasporas*, para voz e quinteto, composta por Carme Rodríguez sobre textos de Florencio Delgado Gurriarán.

 Data: **16 de maio de 2022**

 Lugar: **Barco de Valdeorras**. Teatro Lauro Olmo

2. 40.ª EDICIÓN DO FESTILETRAS

A Fundación Eduardo Pondal organiza a 40.ª edición do festival de música galega **Festiletras**, coa colaboración da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

 Data: **maio e setembro de 2022**

 Lugar: **Ponteceso**. Aldea do Couto

3. CONCERTO MÚSICA TRADICIONAL

O Museo do Castro de Viladonga organiza para o propio Día das Letras Galegas un concerto do grupo de música tradicional **Leña Verde de Mosteiro**.

 Data: **17 de maio de 2022**

 Lugar: **Outeiro de Rei**. Museo do Castro de Viladonga

4. ESPECTÁCULO MUSICAL *COMO MONTAR A TÚA BANDA DE VERÁN*

A Biblioteca Pública de Santiago Ánxel Casal programa o espectáculo musical *Como montar a túa banda de verán* a cargo de Xoan Curiel.

 Data: **20 de maio de 2022**

 Lugar: **Biblioteca Pública de Santiago Ánxel Casal**

5. ROMARÍA ETNOGRÁFICA RAIGAME

As prazas e rúas de Vilanova dos Infantes échense cada 17 de maio de postos de artesáns que lle ofrecen ao visitante os seus produtos e amosan o seu oficio. O fermoso núcleo medieval desta vila vive no Día das Letras Galegas un amplo abano de actividades nas que se exaltan as tradicións, como música e baile, oficios tradicionais, monicreques e saltimbanquis, xogos populares e exposicións etnolóxicas.

 Data: **17 de maio de 2022**

 Lugar: Celanova. **Vilanova dos Infantes**

PROGRAMACIÓN EXTERIOR

1. AS LETRAS GALEGAS NO MUNDO

A Rede de centros de estudos galegos e lectorados da Xunta de Galicia súmase, dende a programación impulsada polos **36 departamentos universitarios** que a **integran repartidos por América, Europa e Asia**, ao labor de difusión da vida, figura e obra do autor homenaxeado polas Letras Galegas. Dende Salvador de Bahía (O Brasil) ata Varsovia (Polonia), as **actividades especiais arredor do 17 de maio** espállanse e adquiren diversidade de formatos para achegarlle ao alumnado universitario conferencias, charlas-coloquios, encontros, proxeccións, exposicións e publicacións sobre Florencio Delgado Gurriarán.

- » **O Centro de Estudos Galegos (CEG) da Universidade de Alacant** organiza unha conferencia sobre a vida e a obra do homenaxeado centrada no 17 de maio, a cargo de José Ángel García López.
- » **O CEG da Universitat de Barcelona** programa unha conferencia a cargo de Francisco Castro de Editorial Galaxia no mes de maio, en colaboración co CEG da Universitat Autònoma de Barcelona, unha presentación bibliográfica durante o mes de xuño e a terceira publicación de Plaquette.
- » **O CEG de Madrid** ten en axenda o 6 de maio conversas con Alonso Montero, Olivia Rodríguez e Ana Acuña para abordar o libro *Cartas de un condenado a muerte* de José Mejuto, publicado polo CEG do Algarve.
- » **O CEG de Estremadura** pretende traballar co alumnado da aula de Historia e Cultura Galegas para desenvolver actividades arredor da figura de Florencio Delgado Gurriarán.
- » **O CEG de Granada** vai dedicar a semana do 16 ao 20 de maio a través dun seminario sobre a figura do homenaxeado, o workshop *Que sabemos das Letras Galegas?* e unha exposición sobre homenaxeados das Letras Galegas.
- » **O CEG Universidade do País Vasco de Deusto** celebrará de maneira conxunta o 30º aniversario da Cátedra de Estudos Galegos de Deusto e as Letras Galegas 2022 con actividades sobre a figura homenaxeada e o CEG da UPV/EHU do País Vasco desenvolverá o 8 de abril unha xornada cunha conferencia de Débora Álvarez Moldes, a proxección dunha curtametraxe de Domingo D. Docampo e un recital con acompañamento musical a cargo de Paco Campos.

- » **O CEG do Algarve** organiza diversas actividades para o 17 de maio, como unha palestra en liña de Débora Álvarez, o encontro poético Abrindo portas e unha montaxe videográfica para difundir na web, e o 20 de maio está prevista a mesa redonda Os rostros do exilio moderada por Pere Ferré.
- » **O CEG Bangor do Reino Unido** realizará unha presentación en liña de publicacións de estudos galegos, a través da plataforma Pleibéricos, o propio día das Letras Galegas.
- » **O CEG da University College de Cork** realizará un obradoiro sobre a experiencia da emigración partindo da obra do autor.
- » **A CEG da Universitat de Leipzig** ten na axenda unha charla a cargo da tradutora Tamara Andrés e un obradoiro de tradución poética cara ao galego.
- » **O CEG da Universidade Nova de Lisboa** realizará unha exposición itinerante sobre a figura do homenaxeado e unha charla/palestra no propio Día das Letras Galegas.
- » **O CEG UFBA de Salvador de Bahía** vai realizar un acto-homenaxe con obradoiros e foliada.
- » **O CEG Heildeberg de Alemaña** programa unha presentación dixital, unha proxección de contido audiovisual nas aulas e un obradoiro de tradución poética galego-alemán co alumnado.
- » **O CEG de Oxford** prevé o 9 de maio un obradoiro de escrita creativa con Arancha Nogueira, dentro do seminario Creative Writing in Galician, o 19 de maio unha sesión co profesor da UDC Roberto Samartin, o 20 de maio unha proxección do documental e, pendente de axendar, unha presentación e coloquio sobre a poesía no exilio e a obra de Florencio Delgado Gurriarán.
- » **O CEG Perugia de Italia** presentará unha publicación para conmemorar o Día das Letras Galegas.
- » **O CEG de Varsovia** realizará o IX Simposio Internacional de Hispanistas Encuentros 2022, entre o 19 e o 21 de maio de 2022 na Facultade de Linguas Modernas da Universidade de Varsovia.

As diversas actividades que se van programando nos centros de estudos galegos poden verse no Portal da Lingua Galega (www.lingua.gal) e na Axenda de Cultura de Galicia.

2. FESTIVAL KEROUAC

EN MÉXICO

A **IV edición do Festival Kerouac** desenvolveuse en **México** co apoio da Consellería de Cultura, Educación e Universidade en dous actos presenciais onde a poesía salta aos escenarios e ás pantallas. Unha mostra variada da escena poética mexicana na que a poesía galega é tamén a protagonista da man de Fátima Delgado, familiar de Florencio Delgado Gurriarán, figura homenaxeada nestas Letras Galegas 2022. A poeta galega contou a historia do escritor valdeorrés, quen pasou parte da súa vida emigrado en México.

EN NOVA YORK

Desde **hai cinco edicións, ten lugar en Nova York** unha fase do festival co fin de levar a poesía galega aos Estados Unidos, **escaparate da diversidade poética e «performativa» da cidade de Nova York**, con eventos presenciais, performances que reflexionan sobre a emigración, o bilingüismo ou a responsabilidade do creador para cambiar o mundo, concertos, danza e visuais, *spoken word* con música en vivo, e un evento dixital transoceánico con poetas galegos.

3. FLORENCIO DELGADO GURRIARÁN E A GALICIA DE ALÉN MAR

Xornadas de análise sobre a figura de Florencio Delgado Gurriarán, nas que participarán José Antonio Losada Montero, Álex Alonso e María Xesús Lama.

 Data: **novembro de 2022**

 Lugar: **Nova York**

4. PROGRAMACIÓN NOS CENTROS DE REFERENCIA DA COLECTIVIDADE GALEGA NO EXTERIOR

A Secretaría Xeral da Emigración apoia a programación conmemorativa das Letras Galegas 2022 desde os centros de referencia da colectividade galega do exterior, que se suman a ela con conferencias, feiras, concursos, exposicións, proxeccións audiovisuais, recitais e actuacións musicais. Con elas, conmemoran o 17 de maio ao longo de todo o ano para festexar a lingua e a cultura galegas e renderlle tributo, tamén dende a diáspora, a Florencio Delgado Gurriarán neste 2022.

CENTRO GALEGO EN BURGOS

Programación da actividade Escolma das Letras Galegas cunha lectura e proxección dun audiovisual e un concerto de música galega.

 Data: **17 e 19 de maio de 2022**

CENTRO GALEGO DE CASTELLÓ O ATURUXO

Realización de varias actividades que inclúen a exposición fotográfica «Florencio Delgado, exilio Galego en América», dúas conferencias «*O movemento cultural do exilio*» e «Florencio Delgado, o soño do guieiro», a proxección do documental *Santa Librerda* dirixido por Xosé Velo, un recital poético e música para as letras.

 Data: **20 e 21 de maio de 2022**

ASOCIACIÓN UNIÓN DE ASOCIACIONES GALLEGAS DE CATALUNYA

Programación dunha conferencia de María Xesús Lama López sobre as Letras Galegas e lectura do poemario *Bebedeira* (1934).

FLORENCIO DELGADO GURRIARÁN

CENTRO GALEGO DE CEUTA

Está a programar conferencias sobre a vida e obra de Florencio Delgado con Ignacio Carretero, autor do libro *Fariña*.

CENTRO GALEGO DE CÓRDOBA

Prevista a realización dunha **lectura** de textos do autor homenaxeado, unha **exposición de carteis** sobre obras de Florencio Delgado e a **actividade Semblanza de Florencio Delgado Gurriarán** a cargo do vogal de Cultura da Casa Bartolomé García.

 Data: **17 de xuño de 2022**

CENTRO GALEGO DE ERMUA

Desenvolverá unha programación variada que inclúe a presentación dunha nova edición do libro conmemorativo das Letras Galegas de Ermua, xornadas de música e baile galego, concursos de redacción e pintura para rapazada de entre 6 e 16 anos sobre temas relacionados coa cultura galega, en colaboración cos centros educativos, entre outras iniciativas.

CENTRO GALEGO DE MADRID

Está a programar un acto que consiste na proxección de gráficos do homenaxeado e a lectura de poemas por parte da Agrupación Artística Galega Rosalía de Castro do Centro Galego de Madrid, cun concerto de música galega como peche da xornada.

 Data: **16 de maio de 2022**

CENTRO GALEGO DE MÁLAGA

O Centro Galego de Málaga non ten sede propia. Para realizar os actos do Día das Letras Galegas chegou a un acordo co escultor galego afincado en Málaga, Suso de Marcos, de tal xeito que as actividades programadas se desenvolverán nas instalacións da casa-museo do escultor. Consisten na realización dunha charla-coloquio a cargo de Carlos Xixirei Paredes, historiador galego, unha lectura de poemas e a presentación dunha novela de María Chus Gómez.

 Data: **7 de maio de 2022**

CENTRO GALEGO NOROESTE DE MADRID

Realización dunha **xornada cultural** cunha ofrenda floral, actuación da banda de gaitas e dun grupo de teatro. Pecharase o acto coa clausura da Exposición Cultural Galega.

 Data: **21 de maio de 2022**

CENTRO GALEGO DE PONFERRADA

Presentación do Certame literario en Galego que inclúe unha homenaxe, unha actuación musical do coro galego e a entrega de premios do certame.

 Data: **17 de maio de 2022**

CENTRO GALEGO DE PAMPLONA

Realización da Semana das Letras Galegas, que inclúe unha exposición de material bibliográfico e diversas conferencias, así como a exposición e venda de publicacións do homenaxeado e de autores galegos.

FLORENCIO DELGADO GURRIARÁN

CASA DE GALICIA DAS PALMAS

Planificación dunha xornada sobre Florencio Delgado Gurriarán, na cal se realizarán as seguintes actividades: conferencia, charla-coloquio e exposición audiovisual do autor homenaxeado e actuación da banda de gaitas.

 Data: **17 de maio de 2022**

CENTRO GALEGO NÓS DE SABADELL

Prevese realizar unha conferencia sobre Florencio Delgado Gurriarán, unha representación teatral a cargo do grupo de teatro Furafollas, a actuación dun grupo de gaiteiros da entidade e unha homenaxe aos socios maiores.

 Data: **21 de maio de 2022**

CENTRO GALEGO DE SALAMANCA

Programación da Semana Cultural arredor do Día das Letras Galegas, na que se inclúe unha descrición biográfica realizada por Alba Rozas, lectora de galego na Universidade de Salamanca, actuación da coral do Centro Galego e lectura das obras de Florencio Delgado Gurriarán, entre outras iniciativas.

 Data: **semana do 17 de maio de 2022**

CENTRO CULTURAL E SOCIAL AIRIÑOS DA NOSA GALICIA (SANTA COLOMA DE GRAMANET)

Realización dunha xornada na que se convida a unha serie de rapsodos, artistas, asociacións, centros culturais, escolas de música, entre outros, e teñen que interpretar un mínimo de dúas pezas en galego. Paralelamente proxéctanse vídeos con saúdas e mensaxes culturais de persoas do mundo da arte e da literatura. Tamén está prevista unha conferencia e exposición de recursos sobre o homenaxeado.

 Data: **21 de maio de 2022**

CENTRO GALEGO DE SANTA CRUZ DE TENERIFE

Difusión de material divulgativo dos homenaxeados polo Día das Letras Galegas.

CENTRO GALEGO DE SANTANDER

Ten previstas as seguintes actividades: charla sobre Florencio Delgado Gurriarán, homenaxe póstuma a Benito Madariaga de la Campa (membro de honra do centro galego), xornadas da Sociedade Cantábrica de Escritores, presentación das publicacións do *Centenario da Casa de Galicia en Cantabria 1919-2019* e a convocatoria do Certame Literario Julio Camba.

 Data: **do 17 ao 20 de maio de 2022**

LAR GALEGO DE SEVILLA

Celebración do día das Letras Galegas e **resolución do Certame Literario de Relatos Cortos María Teresa Rodríguez.**

 Data: **do 14 ao 21 de maio de 2022**

CENTRO GALEGO DE VALENCIA

Realización dun **acto no cal se presentará un audiovisual** sobre a figura de Florencio Delgado, unha **conferencia a cargo de Tarsicio González**, a **lectura de poemas con música de guitarra** a cargo dos socios do centro e a **actuación da banda de gaitas do centro**. Terá lugar no salón Alfonso o Magnánimo da Beneficencia (Deputación de Valencia).

 Data: **22 de maio de 2022**

CASA DE GALICIA EN VALLADOLID

Programación dunha xornada na que se realizará unha conferencia impartida por Ernesto Vázquez Souza, doutor en Filoloxía Galega, e a actuación dos músicos da casa.

 Data: **20 de maio de 2022**

CENTRO GALEGO EN ÁLAVA

Previsión de diferentes actividades:

- » **Cantarenas na noite** en colaboración co lector de galego da UPV. Contarase con Paco Campos que recitará, con música, poemas de Florencio Delgado. Data: **9 de abril de 2022**.
- » **Ruta Florencio Delgado** coa ilustración das cristaleiras dos seguintes centros: Centro Cultural Andaluz Seneca, Centro Cívico Arriaga, Instituto Egibide-Arriaga, Centro Asturiano, Colexio Público Padre Orbiso, Centro Sociocultural de Maiores Lakua – Arriaga. Ademais haberá un recital de poemas no Colexio Público Padre Orbiso e no Centro Sociocultural de Maiores Lakua. Datas: **16 ao 20 de maio de 2022**.
- » **Presentación do novo disco de Miguel Ramalleira**. Data: **20 de maio de 2022**.
- » **Concerto Faiscas da Pontagra**. Presentación do novo disco de Faiscas da Pontagra, que estarán acompañados polo grupo Arte Galega e un grupo do Centro Galego de Euskadi. Data: **21 de maio de 2022**.

CENTRO GALEGO DE ZARAGOZA

Previsión da realización da actividade Valdeorras, comarca do homenaxeado, Florencio Delgado.

 Data: **17 de maio de 2022**

SOCIEDADE A NOSA GALIZA (CAROUGE, XENEBRA, SUIZA)

Realización dunha conferencia a cargo de Xosé Ramón Pena Sánchez e unha actuación do grupo da sociedade, con motivo de 55.º aniversario da sociedade.

 Data: **21 de maio de 2022**

CENTRO GALLEGO DE AVELLANEDA (AVELLANEDA, A ARXENTINA)

Programación de diversas actividades.

- » **Unha mostra de fotografías** de gran parte dos galardoados co Premio das Letras Galegas, acompañados de textos da súa autoría, así como as súas bibliografías e biografías. Data: **maio de 2022**.
- » **Evento sobre a vida e obra de Florencio Delgado**, coa presentación de dous números musicais tradicionais galegos. Data: **14 de maio de 2022**.
- » **Café Literario**, coa presenza de narradores, poetas, escritores e público en xeral, no cal se recitan poemas. Data: **28 de maio de 2022**.

ASOCIACIÓN BENÉFICA CULTURAL DEL PARTIDO DE CORCUBIÓN (BUENOS AIRES, A ARXENTINA)

Realización do **programa radial dedicado ao Día das Letras Galegas 2022**, no cal se entrevista un persoeiro para a difusión das letras e sons que achega a RAG. Emitido pola Radio ABC, na canle de YouTube Corcubión RTV - Radio ABC.

 Data: **20 de maio de 2022**

ASOCIACIÓN CENTRO PARTIDO DE CARBALLIÑO (BUENOS AIRES, A ARXENTINA)

Programación da **Semana das Letras Galegas** con Luís González Tosar como convidado especial e na que se inclúe un encontro co alumnado do Colexio Santiago Apóstol, visita e charlas culturais no Colexio Santiago Apóstol, Centro Galicia Olivos e Centro Galicia Sede Central, actuacións musicais e festa das Letras Galegas, entre outras actividades.

 Data: **do 16 ao 23 de maio de 2022**

FLORENCIO DELGADO GURRIARÁN

ASOCIACIÓN CENTRO GALEGO DE RÍO GALLEGOS (RÍO GALLEGOS, a ARXENTINA)

Planificación de actividades para conmemorar as Letras Galegas nas que se inclúen recitais e espectáculos artísticos sobre Florencio Delgado Gurriarán.

ASOCIACIÓN GALEGA RESIDENTES DE MOS DE MUTUALIDAD, CULTURA E RECREO (BUENOS AIRES, A ARXENTINA)

Conmemoración do Día das Letras Galegas cunha disertación a cargo da profesora Nelly Duarte.

 Data: **21 de maio de 2022**

CENTRO ARZUANO MELLIDENSE (BUENOS AIRES, A ARXENTINA)

Previsión da lectura da biografía e obra do homenaxeado.

 Data: **17 de maio de 2022**

CENTRO GALICIA DE BOS AIRES, CULTURA, SOCIAL E DEPORTIVO (BUENOS AIRES, A ARXENTINA)

Programación de diferentes actividades. Entre elas atópase un encontro presencial na biblioteca Rosalía de Castro, onde se realizará unha conferencia e faladoiro sobre as letras galegas e sobre Florencio Delgado Gurriarán. Posteriormente realizaranse unha lectura pública de textos do autor homenaxeado e un obradoiro de creación poética colectiva. Participarán as escolas e o grupo de gaitas do Centro Galicia na apertura e no peche da actividade. Haberá tamén un obradoiro creativo para a infancia e xogos poéticos baseados na súa obra para toda a familia, así como un faladoiro virtual e outro presencial.

 Data: **do 14 ao 21 de maio de 2022**

**CENTRO LALÍN, AGOLADA E SILLEDA DE GALICIA EN BUENOS AIRES, SOCIAL,
CULTURAL E RECREATIVO (BUENOS AIRES, A ARXENTINA)**

Previsión da xornada de conmemoración **A Galicia americana de sur a norte** sobre o homenaxeado e unha charla-debate sobre a vida e a obra de Florencio Delgado.

 Data: **21 de maio de 2022**

**CENTRO GALEGO DE SOCORROS MUTUOS DE COMODORO RIVADAVIA,
CULTURAL E DEPORTIVO (BUENOS AIRES, A ARXENTINA)**

Previsión dunha xornada de conmemoración sobre Florencio Delgado Gurriarán coa publicación dunha nota en diarios rexionais.

 Data: **17 de maio de 2022**

CENTRO GALEGO DA PLATA (PLATA, A ARXENTINA)

Realización do ciclo **Temos que falar sobre Florencio Delgado Gurriarán**, coa lectura dos poemas mais coñecidos e unha xornada conmemorativa polas Letras Galegas.

 Data: **do 15 ao 20 de maio de 2022**

CENTRO GALEGO DE SANTA FE (SANTA FE, A ARXENTINA)

Programación dun acto conmemorativo polas Letras Galegas coa realización dunha exposición, unha lectura comentada e conversas, así como unha actividade de radio.

 Data: **do 14 ao 21 de maio de 2022**

CASA DE ESPAÑA DE RIO DE JANEIRO (RIO DE JANEIRO, O BRASIL)

Presentación dun grupo de gaitas e realización dun vídeo con declaracións sobre o Día das Letras Galegas.

 Data: **17 de maio de 2022**

ASOCIACIÓN CULTURAL CABALLEROS DE SANTIAGO (RIO VERMELHO, SALVADOR, O BRASIL)

Realización da xornada conmemorativa polo Día das Letras Galegas **Vivir Galicia**, que consiste en actividades formativas de canto, pandeireta e música, danza, poesía e unha conferencia.

 Data: **17 de maio de 2022**

ASSOCIAÇÃO RECREIO DOS ANCIÃOS PARA ASILO DA VELHICE DESAMPARADA (RIO DE JANEIRO, O BRASIL)

Planificación dunha xornada conmemorativa polo Día das Letras Galegas que consiste nunha conferencia e nunha exposición fotográfica.

 Data: **17 de maio de 2022**

CENTRO ESPANHOL E REPATRIAÇÃO DE SANTOS (SANTOS, O BRASIL)

Previsión de programación de sesións lúdicas polo Día das Letras Galegas co Grupo Folclórico Camiños de España.

FEDERACIÓN DE SOCIEDADES GALEGAS EN CUBA (A HABANA, CUBA)

Realización do concurso **Pintando a Galicia** dirixido ao público en xeral e un acto conmemorativo que consiste en actividades formativas, a velada cultural co Grupo Folclórico Aires Galego da Habana e un recital.

CENTRO ESPANHOL E REPATRIAÇÃO DE SANTOS (OS CONDES, CHILE)

Previsión da realización dunha **presentación interactiva** da vida e obra do poeta **con acompañamento musical** e da creación dun grupo de difusión cultural.

 Data: **14 de maio de 2022**

CENTRO SOCIAL, CULTURAL E DEPORTIVO DE BOLOS VALLE MIÑOR (MONTEVIDEO, URUGUAI)

Programación dunha **conferencia sobre a vida e obra do poeta** con acompañamento de audiovisuais, seguido dun espectáculo de canto, música e baile tradicional galego a cargo da Agrupación Coral, Airiños do Val, Pandeireteiras e banda de gaitas Irmandade.

 Data: **20 de maio de 2022**

CENTRO GALEGO DE MONTEVIDEO (MONTEVIDEO, URUGUAI)

Previsión da realización dunha conversa con destacadas figuras da cultura, onde se abordará a historia das raíces da interculturalidade. Coa participación do grupo de baile Obradoiro da Casa de Galicia, o Grupo Folclórico Alborada e o Grupo de Gaitas do Centro Galego de Montevideo.

 Data: **17 de maio de 2022**

PATRONATO DA CULTURA GALEGA (MONTEVIDEO, URUGUAI)

Programación dunha **xornada** presencial para conmemorar a figura de Florencio Delgado Gurriarán.

 Data: **17 de maio de 2022**

ASOCIACIÓN GALEGA CORREDOR DE HENARES

Previsión dunha **programación variada**, que inclúe un recital de poemas con acompañamento musical, a actividade *Coa Leticia de voltar* a cargo de Serafín Marcos sobre Florencio Delgado Gurriarán, un pasarrúas co grupo Vagalume e a romaría da Virxe do Val, entre outras.

📅 Data: **do 19 ao 21 de maio de 2022**

CENTRO UNIÓN ORENSANA DE LA HABANA (LA HABANA, CUBA)

Realización das **Xornadas sobre as Letras Galegas 2022** que constan dunha feira literaria, xogos didácticos e un espectáculo.

📅 Data: **do 13 ao 15 de maio de 2022**

CENTRO GALEGO DE RAFAELA E DEPARTAMENTO CASTELLANOS ASOCIACIÓN CIVIL (RAFAELA, A ARGENTINA)

Previsión da difusión de recursos sobre as Letras Galegas e Florencio Delgado Gurriarán e da realización dunha xuntanza para abordar a figura do homenaxeado.

📅 Data: **17 de maio de 2022**

ESCOLA DE DANÇA, ARTE E CULTURA GALEGA E ESPANHOLA (SALVADOR, O BRASIL)

Realización dunha conferencia con Tina Leiro e dun encontro cultural para conmemorar o Día das Letras Galegas.

📅 Data: **17 de maio de 2022**

FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓN GALEGAS EN MADRID (FAGAMA)
(ALCOBENDAS – ESPAÑA)

Programación dunha conferencia e dun concerto musical dedicado á figura de Florencio Delgado Gurriarán.

 Data: **28 de maio de 2022**

